

## I

Na maior parte do seu percorrido, o río Drina discorre entre gorxas escuras, entre inclinados penedos ou a través dos canóns profundos de bruscas montañas. Só nalgúns lugares do curso as súas beiras convértense en amplos vales creando, nunha ou noutra ribeira, fértiles terreos que ás veces son chans e ás veces forman bancais, axeitados para o cultivo ou para asentarse a xente. Esta paisaxe tamén existe aquí, en Višegrad, no lugar en que o Drina traza unha viraxe nos profundos canóns formados polos penedos de Butkov Stijene e os montes de Uzavnička. A curva que fai o Drina é tan brusca e os montes das súas beiras son tan afiados e están tan achegados que semellan formar un macizo pechado do que xorde o río, coma se abrollase dun muro escuro. Pero estes montes acaban separándose, formando un anfiteatro cuxo diámetro máximo non ten máis de quince quilómetros se o observamos dende o ar.

Nese lugar en que o Drina emerxe con todo o peso da súa masa de auga, verde e escumosa, dende as montañas negras e aguzadas, aparentemente pechadas, érguese unha grande e harmoniosa ponte de pedra pulida, con once amplos arcos. Dende esa ponte, coma uns alicerces, esténdese en abano o val en toda a súa amplitude, coa *kasaba* —a vila— de Višegrad e os seus arredores, con aldeas a xeito de socalcos dos vales, inzados de leiras, pastos e ameixeiras, separados por valados, con numerosos soutos e matos e uns poucos bidueiros. E así, na distancia, baixo os brancos arcos da ponte semella que transcorre non só o verde Drina, senón tamén a vila enteira, os campos cultivados e todo o que está baixo o meridional ceo.

Na ribeira dereita do río, a partir da mesma ponte, está a parte principal da *kasaba*, coa *charshia* —o mercado—, que ten parte á altura

da ponte e parte no outeiro. No outro lado da ponte, na ribeira esquerda, esténdese Maluhino Polje, alfoz da vila que segue o vieiro que vai cara a Sarajevo. Así a ponte, que une as dúas partes do camiño de Sarajevo, une tamén a kasaba cos seus arrabaldes.

E en verdade, cando se di que *une*, estase a dicir algo tan certo como cando afirmamos que o sol sae pola mañá para que as xentes poidamos ver o que hai ao noso redor e para facer tarefas importantes, e que se agocha no serán para que poidamos durmir e descansar da nosa xeira cotiá. Porque esa ponte de pedra tan grande, esa preciosa construción de beleza única, que outras vilas máis importantes e ricas non teñen (“só dúas así hai no Imperio”, dicíase daquela), é o único paso seguro e estábel en todo o curso medio e alto do Drina, e un nó indispensábel no camiño que une Bosnia con Serbia, e Serbia con terras máis afastadas, cara aos outros lindes do Imperio Turco, deica Istanbul. Os únicos asentamentos que medran sempre ao abeiro dos principais puntos de tránsito e a ambas as beiras das pontes importantes son unha kasaba e as aldeas que hai ao seu redor.

Tamén aquí, co tempo, edificáronse casas e naceron barrios nas beiras da ponte. A kasaba xurdiu da ponte e agromou dela coma se fose unha raíz indestrutíbel.

(Para entendermos con claridade e de xeito pleno a imaxe da kasaba e a natureza da súa relación coa ponte temos que saber que na vila existe outra ponte, do mesmo xeito que existe outro río: o Rzav e a súa ponte de madeira. Nun extremo da vila, o Rzav conflúe no Drina, de xeito que o seu centro está situado sobre unha lingua de area entre dous ríos, o grande e o pequeno, que se xuntan aquí, e os barrios das aforas atópanse nas beiras da ponte, na ribeira esquerda do Drina e na ribeira dereita do Rzav. A vila está na auga. E aínda que existe outro río, e polo tanto outra ponte, ao dicirmos “na ponte” non nos referimos á ponte sobre o Rzav, construción de madeira carente de beleza, de historia, sen outro sentido có de servir de vía de paso, senón que sempre e exclusivamente facemos alusión á ponte de pedra sobre o Drina.)

A ponte ten uns douscentos cincuenta pasos de longo e de ancho uns dez, agás no medio, onde dúas terrazas simétricas situadas a cada beira da vía de tránsito aumentan dúas veces o seu ancho. Esta é a parte da ponte chamada *kapia*. Aí, no medio do piar central, érguense dous contrafortes que se elevan e sobre os que se apoian á esquerda e á dereita as dúas terrazas, que se proxectan de xeito harmonioso

sobre as rumorosas e verdes augas do fondo. Teñen uns cinco pasos de ancho e o mesmo de longo, e están protexidas por un parapeto de pedra, coma toda a ponte, pero son abertas e sen teito. A terraza da dereita vindo dende a vila chámase *sofa*, e álzase sobre dous chanzos. Está rodeada de bancos aos que lles serve de respaldo o parapeto, e tanto os chanzos coma o parapeto están construídos coa mesma pedra brillante, perfecta. A terraza da esquerda, en fronte do sofa, é igual pero está baleira, sen bancos. No medio dela, o seu muro érguese até superar a altura dun home; no alto ten unha placa de mármore branco cunha rica inscrición turca na que está gravada en trece versos unha cronoloxía co nome de quen construíu a ponte e o ano en que o fixo. Ao pé do muro hai unha fonte: un gurgullo de auga sae da boca dun dragón. Nesa terraza instalouse un cafeteiro coas súas cafeteiras, os seus canecos de folla de lata, o braseiro sempre aceso e uns mozos que lles levan o café aos clientes sentados na outra terraza. Velaí a kapia da ponte.

Na ponte e na súa kapia, ao seu redor ou en relación con ela, discorre e bule, como veremos, a vida das xentes da kasaba. En todas as historias persoais, familiares e públicas é habitual ouvir falar de cousas que aconteceron “na ponte”. E, certamente, na ponte sobre o Drina comezan a camiñar e maquinan os primeiros xogos os cativos. Os nenos cristiáns, nados na ribeira esquerda do Drina, cruzan xa nos primeiros días da súa vida a ponte, porque a primeira semana do seu nacemento lévanos á igrexa para o bautismo. Pero tamén todos os outros cativos, mesmo os nados na beira dereita e os musulmáns, aos que non bautizan, pasan, como antano fixeran seus pais e avós, gran parte da súa infancia preto da ponte. Pescan ao seu abeiro ou cazan pombas nos seus arcos. Xa dende os anos máis temperáns os seus ollos afanse á harmoniosa liña desa pétrea construción luminosa, porosa, simétrica e de corte perfecto. Coñecen todos os detalles labrados polos mestres canteiros, as súas reviravoltas e todas as historias e lendas sobre a orixe e a construción da ponte, nas que teñen cabida o incríbel e o inexplicábel, e a imaxinación e a realidade mesturan o verdadeiro e o soñado. É algo que saben dende sempre, de xeito inconsciente, coma se con tal coñecemento viñesen xa ao mundo, do mesmo xeito que se saben as pregarias, sen lembrar cando se aprenderon ni cando se ouviron por primeira vez.

Saben que a ponte a mandou construír o gran visir, o paxá Mehmed, que nacera na aldea de Sokolovići ao pé dunha desas montañas

que rodean a ponte e a kasaba. Só un visir podía dar todo o que era preciso para que se erixise aquela perenne marabilla pétrea. (Un visir, algo magnífico, importante, terríbel e esvaecido para o maxín dun cativo.) Construíuna o mestre de mestres Rade Neimar, que debeu vivir centos de anos para poder construír tantas belezas eternas como hai polas terras serbias. Mestre lendario e descoñecido, tal e como o pobo o imaxina e o desexa, porque o pobo non quere estar en débeda, nin sequera no pensamento, nin tampouco desexa lembrar a figura de moitos homes. Saben que a fada das augas dificultou a construción, como sempre houbo alguén que interfería nas obras aquí e acolá, e que polas noites botaba abaixo o construído durante o día. Até que unha voz falou dende o máis profundo das augas e lle aconsellou ao mestre de mestres Rade Neimar que buscase dúas criaturas xemelgas, neno e nena que inda tomasen o peito, chamados Stoja e Ostoja, e que os emparedase no piar central da ponte. Deseguido comezou a procura de tales crianzas por toda Bosnia. Prometéuselle unha recompensa a quen os dese atopado e os trouxese.

Finalmente os gardas localizaron nunha remota aldea a dous xemelgos lactantes, e leváronos pola forza en virtude da autoridade do visir. Pero a nai non se quixo separar deles, senón que entre lamentos e choros, insensíbel ás labazadas e aos insultos, acompañou aos cativos a Višegrad. E unha vez alí conseguiu chegar ante Rade Neimar.

Emparedaron os cativos, xa que non había outra solución, pero Rade Neimar sentiu mágoa deles e deixou no piar unhas aberturas polas que a infeliz nai puidese darlles de mamar aos seus fillos. Nesas fiestriñas, ben labradas, aniñan agora as pombas. Como lembranza, dende hai xa centos de anos abrolla da pedra leite materno. Son caudais brancos e finos coma fíos que en determinadas épocas do ano xorden das xuntas, deixando na pedra unha pegada ben visíbel. (A idea do leite materno esperta nas conciencias dos cativos algo moi próximo e inseparábel, á par que distante e alleo, coma os visires e os mestres canteiros, algo que os confunde e os perturba.) Esas pegadas do leite recóllenas as xentes raspando da pedra, e véndenas coma po menciñeiro para as mulleres que despois do parto non teñen leite.

No piar central, xusto por baixo da kapia, hai unha abertura máis grande, unha sorte de fiestra estreita e fonda sen marcos, coma unha troneira. Disque nese lugar hai un gran cuarto, unha estancia escura na que vive un mouro negro. Todos os cativos o saben ben. En todos

os seus soños e contos ocupa un lugar principal. A quen se lle apareza, debe morrer. Non houbo aínda un cativo que o vise, porque os cativos non morren. Pero unha noite viuño Hamid, un portador asmático que sempre andaba bébedo ou con resaca, e cos ollos encarnados; e aquela mesma noite morreu a carón do muro. O certo era que estaba bébedo e pasou a noite alí, na ponte, baixo un ceo despegado, con temperaturas de quince graos baixo cero. Os cativos miraban decote por aquela grande abertura escura, co atractivo e o medo que ten mirar para o baleiro. Poñíanse todos de acordo para mirar fixamente e para que o primeiro que vise algo berrase. Fitaban a fenda escura e ampla, ao abeiro do medo e da curiosidade, até que algún cativo anémico cría ver que a escuridade se abría coma unha negra cortina, ou até que algún langrán bromista (sempre os hai) berraba: “O negro!”, e finxía fuxir. Isto perturbaba o xogo e provocaba a desilusión e as protestas dos que gustaban de xogar coa imaxinación, odiaban a ironía e crían que se fitaban con atención darían visto e vivido algo. Mais pola noite, en soños, moitos deles loitaban e batíanse co mouro da ponte, coma se fose o destino, até que as nais os espertaban e os ceibaban do inqueda sono. E tras beberen auga fría (“para afogar o medo”) e pronunciaren o nome de Deus, os rapaces, cansos polos xogos do día, volvían aos seus soños infantís que o medo aínda non pode conquistar máis ca durante breves momentos.

Río arriba da ponte, nas dúas beiras, vense onda os seixos grises unhas fochas redondas, emparelladas e xeométricas, coma se quedasen marcadas na pedra as ferraduras dun cabalo de tamaño extraordinario; veñen dende arriba, baixan deica o río e aparecen na outra beira, onde se perden baixo a terra e a vexetación.

Os rapaces, que durante os días de verán pescan neste seixal, saben que son pegadas de antano, de guerreiros xa mortos. Daquela vivían no país grandes heroes, as pedras eran moles e lenes coma a terra, e os cabalos eran, igual cós guerreiros, dun tamaño xigantesco. Para os rapaces serbios aquelas eran as pegadas das ferraduras de Šarac, e databan do tempo en que o seu xinete Kraljević Marko, que estaba preso no alto da vila, fuxiu nel, baixando o outeiro en liña recta e saltando por riba do Drina, sobre o que daquela non había ponte. Os rapaces turcos, pola contra, saben que nin foi nin puido ser Kraljević Marko (como ía poder ter un bastardo infiel tal forza e tal cabalo?!), senón Djerzelez Alija no seu poldro alado, que como é ben sabido odiaba barcas e barqueiros, e saltaba os ríos coma se fosen regatos.

Uns e outros discutían coa certeza da veracidade das súas versións. E non había maneira de que alguén mudase o seu parecer ou aceptase o do outro.

Nestas fochas, que son redondas, anchas e fondas coma cuncas, ficaba a auga bastante tempo despois de chover, coma en veas de pedra. A estas fochas, cheas de auga da chuvia, os rapaces chámanas pozos e nelas, uns e outros, sen distinción de fe, botan peixiños –gobios e lucios– que eles mesmos pescan.

Na ribeira esquerda, xusto a carón do camiño, hai un túmulo bastante grande, dunha terra dura, agrisada e petrificada. Nel non medra nin florece nada, agás unhas herbas duras, bicudas coma o arame de espiños. Ese túmulo é a meta e a fronteira de todos os xogos infantís ao redor da ponte. A ese lugar chamábanlle a tumba de Radisav. Contan que era un xefe serbio, un home forte. E cando o visir, o paxá Mehmed, decidiu construír unha ponte sobre o Drina e mandar á xente a traballar, todos obedeceron a orde e só se rebelou Radisav, que axitou ao pobo e lle dixo ao visir que abandonase a empresa, porque, parvo del, nunca daría erguido unha ponte sobre o Drina. E en efecto o visir tivo problemas mentres non conseguiu derrotar a Radisav, porque era un heroe para o pobo e non había nin arcabuz nin espada que o ferise, e tampouco corda nin cadea que o atase; todas as rompía coma o fio. Así de forte era o poder do amuleto que posuía. E quen sabe que acontecería, nin se o visir construíría a ponte, de non conseguir que un dos seus homes, sabio e arteiro, subornase e interrogase a un criado de Radisav. Así foi como sorprendéron e estrangularon a Radisav mentres durmía, tras atalo con cordas de seda, xa que era o único contra o que o seu talismán non podía facer nada. As nosas mulleres cren que hai unha noite no ano en que se pode ver como no túmulo cae directamente do ceo unha forte luz branca. Isto acontece no outono, entre a Festa Grande e a Festa Pequena da Virxe. Pero os nenos que, tanto se crían como se non, ficaban espertos mirando para a tumba de Radisav, nunca eran quen de ver ese raio celestial, xa que antes da media noite o sono podía con eles. Porén, houbo viaxeiros que sen saberen nada disto seica viron un lume branco no túmulo, ao retornaren de noite á kasaba.

Pola contra, os turcos da kasaba din que hai tempo nese lugar morreu no martirio pola súa fe un dervixe, a quen chamaban o xeque Turhania, grande heroe e defensor do paso do Drina contra un exér-

cito de infieis. E o motivo polo que nese lugar non hai nin lápida nin estela é que así o desexou o propio dervixe, que quixo un enterro sen honras nin fastos, para que non se soubese quen xacía alí. Deste xeito, se de novo intentaba pasar un exército infiel, el ergueríase do seu túmulo e deteríao, como xa fixera, impedindo que fosen alén da ponte de Višegrad. Por iso, e en compensación, só o ceo ilumina ás veces o seu túmulo.

Así era como decorría a vida dos rapaces da kasaba, brincando debaixo e ao redor da ponte, cos seus xogos inofensivos e coa súa imaxinación infantil. E cos primeiros anos da súa madurez, a súa vida pasaba á ponte, concretamente á kapia, onde o cavilar da mocidade atopa outro alimento e novos devezos, pero tamén onde xa iniciaban as preocupacións da vida, as loitas e os quefaceres cotiáns.

Na kapia e ao redor dela nacían os primeiros amores, as primeiras chiscadelas, os primeiros dixomedixomes e os primeiros intentos de pretender. Aquí concertábanse os primeiros negocios e vendas, xurdían disputas e falares, xuntanzas e esperas. Aquí, nos muros de pedra, púñanse á venda as primeiras cereixas e os primeiros melóns do ano, a refrescante *salep* matinal e os quentes e crocantes moletes de *simit*. Pero tamén alí se xuntaban os mendigos, os mutilados e os leprosos, do mesmo xeito que os mozos sans que queren fachenderar ou ser vistos polas mozas, e todos os que tiñan algo extraordinario que mostrar, xa fosen froitas, roupas ou armas. Alí sentábanse a miúdo individuos reputados de idade madura a falar dos asuntos públicos ou das preocupacións comúns, pero tamén acotío mozos que só sabían cancións e chistes. Tamén alí, co gallo das grandes mudanzas e acontecementos históricos, se fixaban manifestos e proclamas (no muro, entre a inscrición turca e a fonte), pero do mesmo xeito, até 1878 aforcaban ou espetaban en estacas as cabezas de todos os que foran executados por calquera razón. E nesta kasaba fronteiriza, aqueles anos axitados, as execucións eran frecuentes; e ás veces, como veremos, mesmo diarias.

As vodas e os enterros non podían pasar pola ponte sen deterse na kapia. Era aquí onde os convidados das vodas se preparaban e colocaban como debían antes de baixaren á charshia. Se os tempos eran tranquilos e pacíficos, bebían augardente e cantaban, bailaban o *kolo* e a miúdo botaban alí máis tempo do que pensaban. E nos enterros, os que levaban ao defunto pousábano para descansar un pouco na kapia, onde sen dúbida o finado pasara boa parte da súa vida.

A kapia é a parte máis importante da ponte, do mesmo xeito que a ponte é a parte máis importante da vila, ou como escribira no seu diario un viaxeiro turco a quen os habitantes de Višegrad trataran ben: “a súa kapia é o corazón da ponte, que é o corazón desta kasaba que todos han gardar no corazón”. A kapia é exemplo de como os canteiros de antano, dos que din as lendas que tiveron que loitar coas fadas e contra toda sorte de monstros e mesmo emparedar cativos vivos, tiñan conciencia non só da estabilidade e da beleza, senón tamén da utilidade e da comodidade que estas construcións terían para as xeracións futuras. E se se coñece a vida cotiá de Višegrad e se pensa nela, un conclúe que moi pouca xente nesta nosa Bosnia obtén un goce e un pracer tales como os que poden obter todos os habitantes da kasaba na kapia.

Abofé que o inverno non conta, porque entón só cruzan a ponte aqueles que non teñen máis remedio, e incluso eses bulen e agochan a cabeza ante o frío vento que zoa sen pausa. Nesa época, obviamente, non hai vida nas terrazas abertas da kapia. Pero nas demais estacións a kapia é toda unha beizón para os mozos e os vellos. Entón toda a veciñanza pode en calquera momento do día ou da noite ir á kapia e sentar no sofa, ou entreterse ao seu redor facendo negocios ou conversando. Proxectada e elevada quince metros sobre o verde e ruidoso río, ese sofa de pedra aboia no espazo, por riba das augas, rodeado por tres partes de montes verdes, cos ceos e as nubes ou as estrelas por enriba, e cunha vista aberta río abaixo, coma un estreito anfiteatro que fechan ao lonxe as azuis montañas.

Cantos visires ou cantos ricos hai no mundo que poidan amosar o seu gozo, as súas preocupacións, a súa satisfacción ou o seu lecer nun lugar coma este? Poucos, moi poucos. E cantos dos nosos, nestas bancadas e durante xeracións, sentaron aquí ao amencer, ou á hora da oración da tarde, ou de noite, cando as estrelas se moven de xeito imperceptíbel enriba das súas cabezas! Moitos, moitísimos de nós temos sentado aquí, pousados neste asento de pedra pulida e elaborada, e fronte aos eternos xogos da luz nas montañas e das nubes no ceo, desenguedellamos os fíos sempre idénticos pero anobelados de diferente xeito, do destino dos habitantes da kasaba. Alguén afirmou hai tempo (certamente fora un estranxeiro que estaba de broma) que esta kapia tiña influencia no destino da kasaba e no carácter das súas xentes. Nesas sentadas eternas, afirmaba o estranxeiro, hai que buscar a chave da inclinación dos habitantes da kasaba



á reflexión e ao soño, e tamén unha das razóns principais da melancolía despreocupada pola que son coñecidos.

Dende logo non se pode negar que os de Višegrad, en comparación cos habitantes doutros lares, teñen tendencia ao goce e ao gasto rápido. A súa vila está nunha posición favorábel, as aldeas dos arredores son fértiles e ricas, e os cartos, en verdade, circulan cumpridamente por Višegrad, aínda que non fican moito nela. E se se dá atopado un home aforrador e familiar, sen paixóns, é que acaba de chegar. Pero os ares e as augas de Višegrad son dun xeito tal que os cativos xa nacen coas mans abertas e os dedos separados, e caen libremente na infección dunha vida despreocupada, tal como recolle o dito: “Outro día, outra ganancia”.

A historia di que Starina Novak, xa canso e tendo que deixar a vida de bandoleiro nos montes Romanija, ensinoulle o seguinte a Grujić o Mozo cando este o ía substituír:

–Cando esteas agochado tras o matos, mira ben ao viaxeiro que se achegue. Se cabalga con fachenda e leva unha rica casaca encarnada con corchetes de prata e polainas brancas, é que é de Foča. Vaite a el decontado, porque levará cartos enriba e nas alforxas. Se ves un viaxeiro pobre e desacougado, coa cabeza baixa coma un burro cansado, bate nel sen pena, que é de Rogatica. Así che son todos: míseros e desconfiados, pero cheos de cartos até as orellas. Pero se ves algún moi espléndido, coas pernas cruzadas enriba do cabalo, tocando o laúde e cantando a berros, non lle batas nin manches as mans por el: déixao pasar, que é de Višegrad, e eses non teñen nada pois nos seus petos non repousa o diñeiro.

Todo isto confirma a opinión anterior daquel estranxeiro. Aínda así é difícil confirmarmos até que punto son certos eses pensamentos. Como acontece con moitas outras cousas, e tamén con esta, non é doado determinarmos cal é a causa e cal a consecuencia. A kapia fixo dos da kasaba o que son, ou pola contra foi ideada no seu espírito e no seu maxín e construída en función deles, das súas necesidades e dos seus costumes? Pregunta superflua e va. Non hai construcións accidentais, separadas da sociedade, e así como as cousas feitas de níquel están unidas ás súas necesidades, e as de ferro ás súas aplicacións, do mesmo xeito na cantería non hai liñas arbitrarias nin formas sen sentido. Mais as orixes e a vida de cada gran construción, fermosa e práctica, así como o seu uso para o lugar que adorna, adoitan cargar cunha historia de dificultades e dramas secretos. En cal-

quera caso, unha cousa é certa: entre a vida das xentes da kasaba e esta ponte existe unha relación íntima e secular. Os seus destinos están tan entrelazados que é imposíbel pensalos ou narralos por separado. Esta é, pois, a historia da xénese e o destino da ponte, e ao mesmo tempo é a historia da vida da kasaba e das súas xentes, de xeración en xeración, do mesmo xeito que en todos os relatos sobre a kasaba se filtran as pétreas liñas da ponte de once arcos e a kapia coroando o centro.